



## CREACIÓN DUN SKATE PARK

**Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto** por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno da Corporación a celebrarse o xoves, día 30 de novembro de 2017, a seguinte **MOCIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É importante fomentar e diversificar a actividade deportiva no Municipio. O deporte ten moitos valores que son importantes desenvolver dentro da cidadanía e sobre todo nas persoas máis novas: traballo en equipo, superación, competitividade, vida saudable, disciplina, respecto polas normas,...

Nestes momentos a mocidade padronesa está a mostrar un interese pola práctica do skateboard, roller, snakeboard, BMX ou scooter. Son moitos os mozos e mozas que se senten atraídos por estas prácticas deportivas nas que facendo uso de patíns, monopatíns, bicicletas ou scooters atrévense con piruetas e acrobacias no aire, facendo este deporte moi atractivo visualmente.

Aquelas persoas do noso Concello que queren practicar estas modalidades deportivas téñense que trasladar a outros lugares, por iso consideramos que é necesario a instalación dun Skate Park como unha aposta para fomentar o deporte, o lecer e a diversión no noso municipio. Resumimos algúns dos beneficios da súa creación:

- **Fisicamente.** Os deportistas urbanos necesitan dun lugar onde practicar sen perigo. Ao ter un Skate Park, estes poderán aumentar súas destrezas motoras. Poderán tamén exercitarse e canalizar as súas enerxías.

Un lugar bo onde practicar estes deportes baixa o índice de golpes que se rexistran por caídas en lugares inapropiados, como en lugares públicos onde sempre son reprimidos equivocadamente.

- **Psicoloxicamente.** Nun Skate Park, as persoas deportistas desenvolven as súas habilidades, o que as fai sentirse orgullosas de si mesmas. O seu nivel de ansiedade baixa e senten unha enorme satisfacción polos seus logros.

Á vez, danse conta que as drogas non lles proporciona nada positivo, posto que teñen que estar saudables para seguir superando os seus obstáculos.

Aínda que o skateboarding, patinaxe en linea e o BMX ou o scoot son deportes individuais, os nenos e nenas e a xuventude en xeral serán acompañados polas súas familias ao Skate Park, o que os motiva a facelo mellor para que os seus pais e nais véxanos e apóíenos. Estes sentiranse orgullosos de ter un fillo ou filla con grandes habilidades.

Un Skate Park é un lugar de encontro: compártese con moitos outros deportistas urbanos. Así, a comunicación entre os mozos e mozas será fluida xa que estarán todos practicando á vez o que lles obriga a interactuar de forma amigable.

- **Municipio.** O pobo tamén será recompensada coa construción do parque, xa non haberá skaters, rollers e bikers en lugares públicos, como prazas ou parques. Haberá menos destrución de estruturas municipais/públicas, como varandas ou escaleiras.

Outro punto importante, é que un Skate Park é unha tremenda atracción para o noso Concello: atletas doutros pobos e cidades sentiranse atraídos a vir a probalo, polo que o turismo e a publicidade do pobo aumentará; a utilización do skate park para a celebración de grandes e importantes eventos desportivos,...

Tamén pode ter outros usos, por exemplo, pode servir como plataforma para montar algún show de música ou algunha actividade destinada a xuventude ou a outros sectores da cidadanía.

Por todo o exposto, solicitamos ao Pleno da Corporación que tome os seguintes **ACORDOS**:

1. Valorar a elaboración dun proxecto de Skate Park onde se poida practicar as modalidades deportivas indicadas para o que será necesario:

- Buscar un espazo no municipio que reúna todas as condicións para poder equipalo como Skate Park e onde, sen molestar aos veciños e veciñas, sexa facilmente accesible ao público en xeral.
- Contar coa opinión dos veciños e veciñas que practican estas modalidades deportivas para o deseño e execución do mencionado proxecto.
- Contar co asesoramento de persoas con experiencia en deseño, construción e xestión destes proxectos.

2. Buscar financiación adecuada para a súa creación e de ser necesario dotar no próximo orzamento municipal unha partida para este fin.

En Padrón, a 21 de novembro de 2017



Dona Teresa Rey Pazos

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN**